

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*RESOLUCIÓN do 3 de xuño de 2011, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 3 de xuño de 2011, polo que se inicia o procedemento para a integración do persoal procedente das fundacións de desenvolvemento comarcal nos entes instrumentais do sector público dependentes da Consellería do Medio Rural.*

A Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas autorizou, no seu artigo 16, ao Consello da Xunta, a extinguir as fundacións para o desenvolvemento das comarcas por imposibilidade de realizar o seu fin fundacional.

En execución da dita disposición, o Consello da Xunta, con data do 13 de xaneiro de 2011, autorizou a extinción das ditas fundacións e ordeou aos seus padroados o inicio do proceso de liquidación delas.

O punto tres do artigo 16 da Lei 15/2010, mencionada, posibilita que o persoal laboral indefinido que teña sido seleccionado baixo os principios de publicidade, mérito e capacidade, consonte o previsto na Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia ou, se é o caso, de acordo coa normativa vixente no momento da súa incorporación á fundación de desenvolvemento comarcal de que se trate, se integre nas entidades instrumentais do sector público autonómico competentes en materia do medio rural.

Logo de extinguidas as fundacións cómpre regularizar o estado do persoal das ditas fundacións comarcais, adoptando as medidas necesarias que regulen a súa situación, sempre que cumpran os requisitos do punto tres do artigo 16 antes mencionado. Ao mesmo tempo preténdese optimizar os recursos existentes, de xeito que os destinos aos que poida acceder este persoal sexan financiados polo crédito dos postos vacantes nos entes instrumentais da Consellería do Medio Rural.

O 3 de xuño de 2011 o Consello da Xunta aprobou o Acordo polo que se establece a forma de dar cumprimento ao exercicio da opción de integración ao persoal procedente das fundacións de desenvolvemento comarcal ás entidades instrumentais do sector público autonómico competentes en materia de medio rural.

En consecuencia,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar o Acordo do Consello da Xunta do 3 de xuño de 2011, na páxina web e no taboleiro de anuncios da Consellería do Medio Rural.

Segundo. Iniciar o procedemento de integración do antedito persoal. Para estes efectos, as persoas interesadas dispoñen dun prazo de sete días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución para presentar unha solicitude de integración.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2011.

Jorge Atán Castro  
Secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural